

**ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
CORRESPONDENTE O DIA 21 DE DECEMBRO DO 2009.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e un de decembro do dous mil nove; á unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente-Acctal, Don Anxo Collarte Perez.- Concelleiros: Dona Manuela Iglesias Collarte, Don. Ignacio Gómez Pérez, Non asiste Don Marcos Blanco Jorge e Don Emilio J. Cuiñas Otero.

Está presente o Secretario do Concello, Don Pablo Portela Fernández.
Está presente o Interventor do Concello, Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 14 de decembro do 2009 (Ordinaria).

2.- OBRAS MAIORES.-

Non houbo.

3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-

1º.-PRORRRROGA CONTRATO.

Solicitud de Don Carlos Alberto Blanco de data 17.12.2009, Nº R.E. 7630, relativa a ampliación da prórroga do prazo de realización da obra denominada “Rehabilitación de Edificio para Centro de Información Juvenil”, como consecuencia da imposibilidade de realizala en prazo por causas climatolóxicas e condicións adversas como a intervención quirúrxica do director de obra.

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local acorda dado que a non realización da obra denominada “Rehabilitación de Edificio para Centro de Información Juvenil” en prazo non é imputable ao contratista acorda autorizar unha ampliación do prazo para a realización da mesma ata o 30 de marzo de 2010.

4.- ESCRITOS OFICIAIS.-

Os membros da Xunta de Goberno Local toman coñecemento dos seguintes:

1.-Comunicación da Consellería de Medio Rural de data 16-12-09, Nº R.E.7596 sobre remate da obra do Proxecto de Concentración Parcelaria de Santo Andre de Camporredondo

5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.

A)OUTORGAMENTO LICENCIA DE APERTURA.-

“Visto o escrito de don **Roberto Mayán Lago** onde solicita Licenza de Obras e actividade para centro de formación e dinamización.

Visto o informe da arquitecta Dona Mercedes Álvarez López de data 15.12.09 no que se fan as seguintes consideracións:

*Vista a documentación e o local de referencia, estimo oportuno informar o seguinte:
As obras de adaptación do local contan con Licenza de Obras de data de 09 de febreiro de 2009, segundo “Proxecto de Acondicionamento de local e actividade para centro de formación e dinamización” e o seu “Anexo ó Proxecto” redactados polo enxeñeiro técnico industrial D. Juan Carlos Vázquez Gómez, estando o seu cargo a Dirección da Execución Material das Obras.*

O Certificado Final de Dirección de Obra está firmado polo mesmo técnico, con data de visado colexial de 15 de xullo de 2009.

Na visita de comprobación, realizada con data do 15 de decembro de 2009, obsérvase que o local se axusta ó citado Proxecto Técnico, e o seu Anexo, respecto ós que se concedeu a correspondente Licenza de Obras.

Por elo, infórmase favorablemente á concesión da Licenza de Apertura solicitada.

Visto o Informe Xurídico de data 18-12-09 no que se fan as seguintes consideracións:

1º.- Respecto da legalidade do outorgamento da licenza de obras debemos partir da previsión do Art. 195 parágrafo 3º da lei 9/2002 que establece que se exceptúa da necesidade de presentación de proxecto técnico a execución de obras ou instalacións menores, considerándose como menores aquelas obras e instalacións de técnica simple e escasa entidade constructiva e económica que non supoña alteración do volume, do uso, das instalacións e servizos de uso común ou do número de vivendas de locais, nin afecten ao deseño exterior, a cimentación, a estrutura ou as condicións de habitabilidade ou seguridade dos edificios ou instalación de toda clase. Así mesmo establece que en ningún caso se entederan como obras menores os muros de contención.

2º.- Por outra banda a xurisprudencia do STS entende que son obras menores aquelas caracterizadas por ser de sencilla técnica e escasa entidade constructiva e económica consistindo normalmente en pequenas obras de simple reparación, ornato, ou encerramento que non precisan de proxecto firmado por provisionais titulados nin de orzamentos elevados (STS do 21 de Febreiro de 1984), entendendo que as obras solicitadas se entenden como maiores considerando así o informe técnico.

3º.- O art. 196 parágrafo 2º establece os supostos que esixan licenza de actividade clasificada ou de apertura e, ademais, licenza urbanística serán obxecto dunha soa resolución, sen perxuízo da formación e tramitación simultánea de pezas separadas para cada intervención administrativa.

A proposta de resolución da solicitude de licenza de actividade clasificada ou de apertura terá prioridade sobre a correspondente licenza urbanística. Se procedese

denegar a primeira, notificaráselle así ao interesado e non será necesario resolver sobre a segunda.

Por tanto aos efectos de eliminar calquera posible responsabilidade patrimonial da administración, de acordo cos art. 139 e seguintes da Lei 30/92 de Procedemento administrativo común, parecería oportuno resolver previa ou no seu caso simultaneamente sobre a licenza de apertura, con preferencia sobre a de obras, posto que de resolver favorablemente a licenza de obras denegando posteriormente o outorgamento de licenza de apertura produciríase un perxuízo para o particular derivado do actuar administrativo, do que a administración sería directamente responsable.

4º- Aínda que do articulado da Louga e do Regulamento de servizos das entidades locais, non se deduza unha visita de comprobación previa antes do outorgamento da licenza definitiva, non obstante para a correcta comprobación do cumprimento da legalidade urbanística considero imprescindible a existencia da mesma, o cal podería ampararse nas chamadas "condiciones iuris" entendendo así a STS do 02/02/1989 "que con estas condiciones iuris, faise viable o outorgamento dunha licenza completando extremos dun proxecto non axustado á ordenación urbanística sendo de añadir que tales condicións deben ser introducidas por virtude das esixencias do principio de proporcionalidade, cando a acomodación da petición á legalidade aplicable resulte posible con facilidade e sen alterar a actuación pretendida"

5º.-A actividade non está incluída no decreto 133/2008.ao estar excluída no seu anexo terceiro.

CONCLUSIÓNS

Informase favorablemente o outorgamento de licenza de apertura definitiva a Don Roberto Mayán Lago en representación da Fundación para o fomento da calidade industrial e o desenvolvemento tecnolóxico de Galicia.

"A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, acorda :

Primeiro.- Conceder Licenza definitiva de apertura e entrada en funcionamento a **Don Roberto Mayán Lago en representación da Fundación para o Fomento da Calidade e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia**, para centro de formación e dinamización sito na rúa Redondela nº 4-baixo.

Segundo.- Para plena efectividade da licenza deberá procederse ao pago da liquidación da taxa por licenza de apertura xirada polo señor interventor cunha cuantía 304,81 euros".

Terceiro.- A expedición da correspondente licenza pola Secretaría do Concello, que servirá ao interesado como documentos acreditativo desta concesión.

B)ADJUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DENOMINADA "RECUPERACIÓN DE TRAMO DE MURALLA EN EXTRAMUROS Y ELIMINACIÓN DE LA COLONIZACIÓN BIOLÓGICA DEL CASTILLO DE LOS SARMIENTOS"

Ponse de manifesto a Xunta De Goberno Local o expediente tramitado para contratar mediante procedemento negociado sen publicidade a obra "RECUPERACIÓN DE TRAMO DE MURALLA EN EXTRAMUROS Y ELIMINACIÓN DE LA

COLONIZACIÓN BIOLÓGICA DEL CASTILLO DE LOS SARMIENTOS” ., segundo proxecto redactado polos arquitectos don Miguel Angel Calvo Salve e dona María Jesús Blanco Piñeiro, e con data de acta de replanteo de outubro de 2009.

Os pregos de Cláusulas Administrativas Particulares foron aprobados ó trinta de novembro de 2009, e invitándose as empresas o 01.12.09:TUCONSA.,RESCONSA E NEOR,S.A., procedéndose a abxudicación provisional mediante acordo de data 09.12.09 a empresa NEOR,S.A, que en data de 17.12.09 acreditou estar ao corrente das obrigacións tributarias e de Seguridade Social, e consignando o importe de garantía definitiva (7.629,31€).

Deliberado sobre o particular a Xunta de Goberno Local aprobou por unanimidade os seguintes acordos:

1-Abxudicar definitivamente a obra “*RECUPERACIÓN DE TRAMO DE MURALLA EN EXTRAMUROS Y ELIMINACIÓN DE LA COLONIZACIÓN BIOLÓGICA DEL CASTILLO DE LOS SARMIENTOS*” ., a empresa NEOR,S.A

2- Nomear como dirección de obra a don Miguel Angel Calvo Salve , dona María Jesús Blanco Piñeiro,e don. Carlos Jorreto Veiga.

3- Nomear como coordinador de Seguridade e Saúde a don. Carlos Jorreto Veiga.

4- No prazo de 15 días naturais dende a notificación da adxudicación definitiva o contratista presentará ao órgano de contratación o Plan de Seguridade e Saúde no Traballo, que será informado polo coordinador de seguridade e saúde antes da súa aprobación.

5-A formalización do contrato realizarase dentro dos 30 días naturais seguintes a da notificación do acordo de abxudicación definitiva, facultándose ao Sr Alcalde para a sinatura do mesmo e dentro dos 15 días seguintes o adxudicatario deberá presentar un programa de traballo para que sexa aprobado polo órgano de contratación.

6-Antes do inicio das obras debe incorporarse a acta de comprobación del replanteo.

7- Antes do inicio das obras e deberá obterse a autorización preceptiva de patrimonio de cara a ter en conta posibles condicionados na execución do proxecto técnico.

C) CONVENIO DE COLABORACIÓN.

Dase conta polo secretario do convenio de colaboración suscrito entre o Concello de Ribadavia e as antigas Consellrías de Política Territorial Obras Públicas e Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible Augas de Galicia para a execución do abastecemento ,saneamento beirarruas e seguridade vial na rua Ribeiro-Carballiño da OU-504.

D) CONVENIO DE COLABORACIÓN.

Dase conta pol secretario do convenio de colaboración suscrito entre o concello de Ribadavia e a Asociación Cultural Brincadeira para a realización de actividades culturais.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade dos seus membros acorda aprobar o citado convenio emprazando a don Xurxo Gomez Aalonso para que proceda á súa sinatura personándose no Concello.

APROBACIÓN LISTADO COBRATORIO DA TAXA POLO SUBMINISTRO DE AUGA 4º TRIMESTRE DO 2009.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta a súa aprobación ao listado cobratorio da taxa polo subministro de auga, 4º trimestre do 2009,

por importe de 39.514,52 euros, tarifa de depuración por importe de 7.628,82 euros, máis 3.307,98 euros de IVE, resultando un total de 50.451,32 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda aprobar o listado cobratorio da taxa de depuración de residuais, correspondente ao 4º trimestre do 2009, por importe de 17.421,40 euros e o Canon de saneamento da Xunta, por importe de 13.164,41 euros.- Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda fixar como período cobratorio entre o 14 de decembro de 2009 de o 15 de febreiro de 2010”.

CERTIFICACIÓN Nº7 DA OBRA DENOMINADA RENOVACION DE INSTALCION, DOTACION DE NOVOS SERVIZOS E PAVIMENTACION DE DIVERSAS RUAS NO NUCLEO URBANO.-

“Dase conta á Xunta de Goberno Local da certificación nº 7 da obra denominada “Renovación de instalacións, dotación de novos servizos e pavimentación de diversas rúas no núcleo urbano”, redactada polo técnico director da obra Don Casimiro Fontenla Bugallo, executada pola empresa Construccións Hermanos Carrajo S.A. por un importe total de 43.421,25 euros.

A Xunta de Goberno unha vez deliberado sobre o particular adopta por unanimidade os seguintes acordos:

1º. Aprobar a certificación nº 7, anteriormente indicada por importe de 43.421,25 euros, aboamento que se fará con cargo ás aportacións do Fondo Estatal de Inversion Local do Ministerio de Administracions Públicas.

2º.- Aprobar a factura emitida pola empresa Construcciones Hermanos Carrajo S.A. co nº 1195 , de data 30.11.09, pola mesma cantidade.”

3º.- Que se remita o correspondiente expediente o Ministerio de Administracions Públicas.”

XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº9/09.-

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº9 /09, por importe de 43.816 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracions Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO